
Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación de materias pendentes

PROCEDEMENTOS PARA TECNOLOXÍAS DE 3ºESO

1.ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Na aula virtual do centro, terán enlazado [un curso](#) con toda a información e actividades de recuperación.

Previa solicitude polo alumn@,se lle facilitarán os temas e actividades de recuperación ligados no curso anterior,impresos. Para cada proba escrita,se detalla no curso os boletíns de exercicios, co obxecto de resolver actividades sobre os contidos básicos para cada nivel e que deberán entregar resoltas @ xef@ do departamento de Tecnoloxía, para ser corrixiadas, **unha semana antes** como mínimo da realización da proba escrita .A non entrega en prazo,será considerado **NON ENTREGADO**

2.APOIO E TITORÍA

Os alumn@s que teñan algunha materia de Tecnoloxía pendente de recuperar e a están cursando este ano, poderán, en calquera momento solicitar, apoio e titoría para acadar os estándares de aprendizaxe avaliados básicos, @ seu profesor@. Os que non cursan a materia, poderán solicitar o mesmo d@ xef@ do Departamento.

3.PROBAS ESCRITAS

Realización de probas parciais en xaneiro e abril e finais en maio e setembro de recuperación de pendentes ,en base os **estándares de aprendizaxe avaliados mediante proba escrita** especificados para cada nivel

<u>1ª proba 3ºESO: Circuitos eléctricos</u>	
<ul style="list-style-type: none">○ Compoñentes e simboloxía○ Magnitudes básicas: Intensidade, voltaxe e resistencia. Unidades○ Lei de Ohm	<ul style="list-style-type: none">○ Asociación de resistencias serie, paralelo e mixto. Cálculo de magnitudes.○ Potencia eléctrica.○ Efecto Joule○ Polímetro: medición de magnitudes básicas○ Código de cores en resistencias

2ª proba 3ºESO:O proxecto técnico.Expresión gráfica.Materiais

- | | |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none">○ Fases do proxecto técnico○ Instrumentos e soportes de debuxo○ Escalas○ Acotación | <ul style="list-style-type: none">○ Vistas○ Plásticos |
|---|--|

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Para a **superación da materia** o alumnado deberá:

- Superar as probas parciais (media de 5, sempre que acade un mínimo de 2,5 en ambas probas) ou unha das probas finais ou extraordinarias de recuperación de pendentos.
- (A nota máxima que figurará como nota global será de 5 puntos, independentemente de que na media das probas se obtivera unha nota superior.)
- Valorándose na cualificación destas :**resolución correcta das propostas, presentación, expresión gráfica e escrita, uso de vocabulario específico, correcto emprego das unidades de medida**

Excepcionalmente, aínda que o alumnado non acadase unha cualificación positiva nas probas extraordinarias realizadas, poderase superar a materia pendente cando:

- Estando cursando a área de Tecnoloxía no curso inmediatamente superior, *aprobe a materia deste nivel, sempre que tivera realizadas as actividades de recuperación encomendadas*
- Ou ben, cando, *tendo unha nota igual ou superior a catro (4) nalgunha das probas extraordinarias ou na media das parciais, de recuperación, tivera realizado satisfactoriamente as actividades propostas de recuperación durante o curso.*